

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 20 DE XUÑO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte de xuño de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas

trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 11 de xuño de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA”**

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 11 de xuño do corrente adoptou acordo de inicio do expediente de contratación do subministro denominado “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIÓNS DE

PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA”.  
En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría.
- Prego de prescricións técnicas asinado pola Alcaldía.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do subministro de “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA”.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 88.000,00 €, con cargo á partida 162/223 do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o ano 2025.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación do subministro, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

### ***3.- CONTRATACIÓN DE TRES (3) TRABALLADORES AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2025***

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 27 de maio do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo

para a contratación de tres (3) postos de traballo subvencionados ao abeiro do Programa Aprol Rural para o fomento do emprego no medio rural 2025.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar as ofertas xenéricas ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente aos perfís profesionais de oficial forestal e peón forestal (RS núm. 446 e 450, do 30/05/25). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Oficial forestal (oferta núm. [REDACTED])

- Areán Calviño, José Luís
- Payo Faílde, David

Peón forestal (oferta núm. [REDACTED])

- Areán Calviño, José Luís
- Busuioc, Costel
- Busuioc, Liviu Ionut
- Carral Viana, Jesús
- Cheikh Brahim, Mhamed
- Lois Rodríguez, Manuel
- Payo Faílde, David
- Saa Paz, María del Pilar
- Toubes Pereira, Daniel
- Zeroual, Mostefa

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os seguintes candidatos:

Oficial forestal

- Areán Calviño, José Luís (RE núm. 961, do 12/06/25)
- Payo Faílde, David (RE núm. 952, do 11/06/25)

### Peón forestal

- Areán Calviño, José Luís (RE núm. 960, do 12/06/25)
- Busuioc, Costel (RE núm. 967, do 13/06/25)
- Carral Viana, Jesús (RE núm. 982, do 13/06/25)
- Cheikh Brahim, Mhamed (RE núm. 947, do 11/06/25)
- Lois Rodríguez, Manuel (RE núm. 956, do 12/06/25)
- Payo Faílde, David (RE núm. 951, do 11/06/25)
- Toubes Pereira, Daniel (RE núm. 945, do 11/06/25)
- Zeroual, Mostefa (RE núm. 980, do 13/06/25)

Por resolución da Alcaldía de data 18/06/25 todos os presentados foron admitidos ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 18 e 20 de xuño do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

### Oficial forestal

CANDIDATO	PROBA PRÁCTICA	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
JOSÉ LUÍS AREÁN CALVIÑO	12,00	1,70	13,70
DAVID PAYO FAÍLDE	10,00	0,60	10,60

### Peón forestal

CANDIDATO	PROBA PRÁCTICA	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
JOSÉ LUÍS AREÁN CALVIÑO	8,66	1,80	10,46
MHAMED CHEIKH BRAHIM	-----	1,30	1,30
COSTEL BUSOIOC	6,66	0,70	7,36
JESÚS CARRAL VIANA	-----	0,60	0,60
MANUEL LOIS RODRÍGUEZ	-----	0,80	0,80
DAVID PAYO FAÍLDE	11,00	0,70	11,70
DANIEL TOUBES PEREIRA	10,00	0,70	10,70
MOSTEFA ZEROUAL	-----	1,30	1,30

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor dos candidatos que obtiveron a maior puntuación no proceso selectivo: José Luís Areán Calviño, David Payo Faílde e Daniel Toubes Pereira.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo (37,5 horas/semana), por un período de nove meses, dos traballadores que deseguido se sinalan:

Oficial forestal

NOME E APELIDOS	DNI
JOSÉ LUÍS AREÁN CALVIÑO	██████████

Peóns forestais

NOME E APELIDOS	DNI
DAVID PAYO FAÍLDE	██████████
DANIEL TOUBES PEREIRA	██████████

RESERVAS:

COSTEL BUSOIOC  
MOSTEFA ZEROUAL  
MHAMED CHEIKH BRAHIM  
MANUEL LOIS RODRÍGUEZ  
JESÚS CARRAL VIANA

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

#### ***4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)***

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Marinete do Amaral José, traballadora laboral temporal do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal, derivada de enfermidade común, con data 12 de xuño do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ MARÍA MARGARITA HERNANDO GOLMAR, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (31,15 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Marinete do Amaral José.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

#### ***5.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE***

VISTA a solicitude presentada por Dona María Pilar Eiriz García (RE núm. 934, do 10/06/25), e a proposta de resolución emitida con data 11/06/25 pola traballadora social do Concello Dona Tamara García Fuentes, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MARÍA PILAR EIRIZ GARCÍA, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Aldea de Riba, parroquia de Riobó.

#### ***6.- PROPOSTA Á OFICINA DO CENSO ELECTORAL DE MODIFICACIÓN TERRITORIAL PARCIAL DAS MESAS ELECTORAIS DO CONCELLO***

Con data 16 de maio do corrente (RE núm. 737), recibíuse no Concello escrito da Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral en Pontevedra no que comunica que a Mesa B do Distrito 01, Sección 001, situada na antiga escola de Río, está a piques de alcanzar a cifra mínima necesaria de 200 electores que para formar unha mesa electoral esixe o artigo 23 da Lei

Orgánica do Réxime Electoral Xeral (LOREX). Na dita Mesa votan na actualidade os/as electores/as veciños/as dos diferentes lugares pertencentes ás parroquias de Camba e Río.

O Sr. alcalde considera convinte para o interese xeral propoñer unha nova distribución territorial dos/as electores/as a fin de evitar a supresión da dita mesa electoral por non acadar o número mínimo de electores esixidos pola LOREX. Aos citados efectos, recollendo a opinión dos/as electores/as afectados/as, considera que a mellor opción é engadir a esa mesa electoral os/as electores/as da veciña parroquia de Fafián, que ata o presente votaban na mesa 01-001-A do lugar de Rodeiro, mesa esta última cun número moi elevado de electores/as.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Propoñer á Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral en Pontevedra as seguintes modificacións territoriais nas mesas electorais do Concello:

Distrito 01, Sección 001, Mesa A

Excluír os/as electores/as das seguintes vías e/ou entidades de poboación:

COLECTIVA FAFIÁN (SANTIAGO P.)	COMPLETA
SINGULAR ACIBEIRO	COMPLETA
SINGULAR CUBELOS	COMPLETA
SINGULAR FAFIÁN	COMPLETA
SINGULAR OUTEIRO	COMPLETA
SINGULAR TRASULFE	COMPLETA
SINGULAR VILACHÁ	COMPLETA

Distrito 01, Sección 001, Mesa B

Incluír os/as electores/as das seguintes vías e/ou entidades de poboación:

COLECTIVA FAFIÁN (SANTIAGO P.)	COMPLETA
SINGULAR ACIBEIRO	COMPLETA
SINGULAR CUBELOS	COMPLETA
SINGULAR FAFIÁN	COMPLETA
SINGULAR OUTEIRO	COMPLETA

SINGULAR TRASULFE                      COMPLETA  
SINGULAR VILACHÁ                      COMPLETA

## **7.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVICIOS**

Vistos o orzamento presentado en data 05/06/25, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato asinados polo alcalde en data 18/06/25, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, así como o seu transporte a xestor autorizado, á sociedade ASCAN SERVICIOS URBANOS S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Igollo de Camargo (Cantabria), ao prezo mensual de CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 €), máis IVE, así como o importe correspondente da delegación de fluxos de ECOEMBES ao seu favor.

Segundo.- O período de contratación estenderase polo prazo dun ano, entre os días 01/07/2025 e 30/06/2026, ambos incluídos, sen posibilidade de prórroga.

Terceiro.- O importe total do contrato, incluído a delegación de fluxos, non poderá exceder en importe anual de 15.000,00 €, máis IVE. Se por mor do importe dos fluxos delegados excedera desa cantidade, a diferenza deberá ser reintegrada ao Concello.

Cuarto.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 162/227 do presuposto en vigor.

## **8.- DELEGACIÓN DE FLUXOS ECONÓMICOS E DA EMISIÓN DE FACTURAS CORRESPONDENTES A ECOEMBES POLO CONCEPTO DE RECOLLIDA SELECTIVA DE PAPEL-CARTÓN**

De conformidade do previsto na cláusula 8.3 do Convenio Marco de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes

España S.A. (Ecoembes), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Delegar os fluxos económicos e a emisión de facturas correspondentes a Ecoembes, polo concepto de recollida selectiva de papel-cartón, á sociedade ASCAN SERVICIOS URBANOS S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Igollo de Camargo (Cantabria).

Segundo.- A delegación acordada producirá efectos a partires do día 1 de xullo de 2025.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Ecoembalajes España S.A., nas condicións establecidas no Anexo III do Convenio.

## **9.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVICIOS**

Vistos o orzamento presentado, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos polo Sr. alcalde, con data 17/06/25, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento da actividade “*Campamento de verán Rodeiro de aventura 2025*”, entre os días 1 de xullo e 29 de agosto do corrente, ambos inclusive, á ASOCIACIÓN EDUCATIVA NA NATUREZA, EMOCIONARTE, SENTIR E CREAR, con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Antas de Ulla (Lugo), ao prezo de SETE MIL CINCOCENTOS EUROS (7.500,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

Deseguido, o concelleiro Sr. Lamazares Casero solicita a inclusión na orde do día da presente sesión dun acordo para a concesión dunha subvención directa á Escudería Lalín-Deza para os gastos da XXIX Edición do Rali do Cocido. O

Sr. alcalde lembra que a formación das ordes do día dos órganos de goberno municipais é de exclusiva competencia da Alcaldía e que o asunto solicitado polo Sr. Lamazares non formaba parte da orde do día da presente sesión, todo elo sen prexuízo da súa inclusión nunha vindeira sesión, se procede.

## 10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 6,72 €  
Por subministro de augas para o Concello, s/factura núm. 13501.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 28,00 € E 33,94 €  
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7G90000832 e TA7G90000839 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 19,00 €, 0,00 € E 0,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-F5M0-067197, 28-F5DD-004978 e 28-F5DD-050087 (FACe).
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 2.463,72 €  
Honorarios por confección de informe técnico sobre o estado de conservación dun edificio no lugar de Rodeiro, s/factura núm. 2025/36 (FACe).
- MARÍA ELENA JORGE MATO 76,70 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- ALFONSO DOVAL CIDRE 49,40 €  
Por gasto de desprazamento para o Concello, s/minuta.
- MERCAHILBE S.L. 11,92 €  
Por subministro de material de limpeza para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 05000002.

- SOCISER GALICIA S.L.U. 3.695,65 €  
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de maio de 2025, s/factura núm. A/77 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 165,11 €  
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de libre concorrencia, no mes de maio de 2025, s/factura núm. A/78 (FACe).
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 871,06 €  
Por subministro de materiais de saneamento para obras municipais, s/factura núm. 25-LAL/1452 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.240,15 €  
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de maio de 2025, s/factura núm. FA – 1158.
- GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA S.L. 46,70 €  
Por recollida de animal morto abandonado, s/factura núm. FER/402 (FACe).
- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 427,90 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 8/25.
- NOROINSTAL S.L. 4.779,09 €  
Por colocación de alumeado ornamental para as festas de Nadal 2024 e do San Vicente de Rodeiro, s/factura núm. 39/25 (FACe).
- PIRATE DE VIAJE S.L. 119,00 €  
Por abono de noite de hotel a premiado no sorteo da iniciativa “Rodeiro de tapas 2024”, s/factura núm. 25/000130 (FACe).
- AGROFORESTAL XANEIRO S.L. 127,05 €  
Por traballos de limpeza de camiño en Agrosagro, s/factura núm. S-25067.

- HORMIGONES DEZA S.L.U. 500,49 €  
Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. 3/2500231 (FACe).
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 484,00 €  
Por transporte de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 21/2025.

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- O RODO, S. COOP. GALEGA 54,04 €  
Por subministro de combustible á furgoneta de transporte alugada, s/factura núm. FA – 1250.
- ARMANDO BARCALA DE LA FUENTE 598,95 €  
Por aluguer de furgoneta, s/factura núm. 25023100 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)